

## INFORME DE INTERVENCIÓN DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, DA REGRA DO GASTO E DA DÉBEDA PÚBLICA

Liquidado o Orzamento correspondente ao ano 2017 e calculadas as magnitudes resultantes da citada liquidación nos termos sinalados pola lexislación de facendas locais e a normativa contable de aplicación, a funcionaria que subscribe, con arranxo ao sinalado no art. 16.2 RD 1463/2007 polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, Xeneral de Estabilidade Orzamentaria (con posterioridade Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2007, agora derogado) e entendendo o mesmo vixente tras a promulgación da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (en diante LOEOSF) ten a ben emitir o seguinte

### INFORME

**PRIMEIRO.** A LOEOSF establece entre os seus obxectivos garantir a sustentabilidade financeira de todas as Administracións Públicas.

Por iso, a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das Entidades Locais deben realizarse baixo o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, de conformidade co previsto nos artigos 3 e 11 da LOEOSF.

E de igual maneira, a variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española.

**SEGUNDO. Normativa reguladora do principio de estabilidade orzamentaria no Sector Público Local, de cálculo da regra de gasto e das obrigacións de subministración de información.**

- Os artigos 3, 11, 12, 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- O artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de novembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.
- Orde Ministerial HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na LOEPSF
- Os artigos 51 a 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- O Regulamento (UE) Núm. 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC-10).
- A Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para Corporacións Locais (IGAE).

**TERCEIRO. Sobre o Informe de cumprimento do obxectivo de estabilidade**

**orzamentaria.**

O artigo 16 apartado 1 in fine e apartado 2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais, establece que, a Intervención Local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia Entidade Local e dos seus organismos e entidades dependentes.

Este informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos no artigo 191.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) referido á aprobación da liquidación do orzamento.

No caso de que o resultado da avaliación sexa de incumprimento do principio de estabilidade, a Entidade Local formulará un Plan Económico-Financeiro de conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

**CUARTO. Análise do cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria da Liquidación 2017.**

O artigo 11.4 LOEOSF establece que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario. E así, o Consello de Ministros en data 2 de decembro de 2016, establece como obxectivo de estabilidade orzamentaria para as Corporacións locais no trienio 2017-2019 o equilibrio.

A estabilidade orzamentaria implica que os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser suficientes para facer fronte aos gastos correntes e de capital non financeiros. A capacidade investidora municipal virá determinada polos recursos de capital non financeiros, e os recursos correntes non empregados nos gastos correntes (aforro bruto).

O cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes sometidos a orzamento obtense, segundo o manual da IGAE e como o interpreta a Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades locais, por diferenza entre os importes orzados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.

Con carácter xeral, a totalidade dos ingresos e gastos non financeiros orzamentarios, sen prexuízo do seu reclasificación en termos de partidas contabilidade nacional, corresponden á totalidade dos empregos e recursos que se computan na obtención da capacidade/necesidade de financiamento do subsector Corporacións Locais das Administracións Públicas da Contabilidade Nacional. As diferenzas veñen determinadas polos axustes que se describen nos apartados seguintes deste informe.

➤ **Axustes SEC:**

Os axustes SEC son os seguintes, de acordo co formulario F.1.1.B1 da guía da comunicación das liquidacións do exercicio 2017 publicada na Oficina Virtual das EE.LL.:

(Importes en €)

Identif.	Concepto (Previsión de axuste a aplicar aos importes de ingresos e gastos)	Importe axuste a aplicar ao saldo orzamentario 2018 (+/-)	Observacións
GR000	Axuste por recadación ingresos capítulo 1	23,06	Aplicase o criterio de caixa, (ingresos recadados durante o exercicio, de exercicios corrente e pechados de cada capítulo). Ver cadro 1.

GR000b	Axuste por recadación ingresos capítulo 2	<b>1.531,56</b>	Aplícase o criterio de caixa, (ingresos recadados durante o exercicio, de exercicios corrente e pechados de cada capítulo). Ver cadro 1.
GR000c	Axuste por recadación ingresos capítulo 3	<b>- 34.121,15</b>	Aplícase o criterio de caixa, (ingresos recadados durante o exercicio, de exercicios corrente e pechados de cada capítulo). Ver cadro 1.
GR001	(+) Axuste pola liquidación PTE 2008	0,00	Non se da este suposto
GR002	(+) Axuste pola liquidación PTE 2009	0,00	Non se da este suposto
GR002b	(+) Axuste pola liquidación PTE de exercicios distintos a 2008 e 2009	0,00	Non se da este suposto
GR006	Xuros	0,00	Os axustes para practicar son de escasamente significativa importancia polo que se prescinde dos mesmos -sen que se afecte á imaxe fiel da entidade nin ao que se conclúa no presente informe respecto ao cumprimento da estabilidade orzamentaria- en aplicación do principio de importancia relativa.
GR006b	Diferenzas de cambio	0,00	Non se da este suposto
GR015	(+/-) Axuste polo grao de execución do gasto	0,00 €	Non aplicable ao cálculo da estabilidade na Liquidación.
GR009	Investimentos realizados por conta da corporación local	0,00	Non se da este suposto
GR004	Ingresos por vendas de accións (privatizacións)	0,00	Non se da este suposto
GR003	Dividendos e participacións en beneficios	0,00	Non se da este suposto
GR016	Ingresos obtidos do orzamento da Unión Europea	0,00	Non se da este suposto
GR017	Operacións de permuta financeira (SWAPS)	0,00	Non se da este suposto
GR018	Operacións de reintegro e execución de avais	0,00	Non se da este suposto
GR012	Achegas de capital	0,00	Non se da este suposto
GR013	Asunción e cancelación de débedas	0,00	Non se da este suposto
GR014	Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	<b>- 434.259,66 €</b>	Calculado en base aos saldos inicial e final da conta 413. Ver cadro 2.
GR008	Adquisicións con pago aprazado	0,00	Non se da este suposto
GR008a	Arrendamento financeiro	0,00	Non se da este suposto
GR008b	Contratos de asociación público privada (APP's)	0,00	Non se da este suposto

GR010	Investimentos realizados pola corporación local por conta doutra Administración Pública	0,00	Non se da este suposto
GR019	Préstamos	0,00	Non se da este suposto
GR020	Devolucións de ingresos pendentes de aplicar a orzamento	0,00	Non se da este suposto
GR021	Consolidación de transferencias con outras Administracións Públicas	0,00	Non se da este suposto
GR099	Outros	0,00	Non se coñecen datos neste apartado
<b>Total de axustes ao orzamento da entidade</b>		<b>-466.826,19 €</b>	

\* **Cadro 1:** Cálculo dos axustes por rexistro en Contabilidade Nacional de Impostos, Taxas e outros ingresos.

	Dereitos Recoñecidos 2017	Recadación 2017			AXUSTES LIQUIDACIÓN 2017		
		Corrente	Pechado	Total	Negativo	Positivo	TOTAL
Impostos Directos	2.436.302,60	2.436.302,60	23,06	<b>2.436.325,66</b>	0,00	23,06	23,06
Impostos Indirectos	163.172,83	163.172,83	1.531,56	<b>164.704,39</b>	0,00	1.531,56	1.531,56
Tasas E outros ingresos	1.964.542,19	1.869.645,58	60.775,46	<b>1.930.421,04</b>	34.121,15	0,00	-34.121,15
<b>TOTAL</b>							<b>- 32.566,53</b>

Axuste positivo (+): Se o importe dos dereitos recoñecidos dos capítulos I a III do Orzamento de Ingresos é menor do recadado (corrente máis pechado), supoñerá unha maior capacidade de financiamento.

Axuste negativo (-): Se o importe dos dereitos recoñecidos dos capítulos I a III do Orzamento de Ingresos é maior do recadado (corrente máis pechado), supoñerá unha menor capacidade de financiamento.

\*\***Cadro 2:** Gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ao orzamento de gastos da Corporación Local

Exercicio	Conta 413		Axustes		
	Saldo inicial	Saldo final	Positivo	Negativo	Total
2017	83.011,31 €	517.270,97 €		- 434.259,66 €	- 434.259,66 €

Axuste positivo (+): [saldo final da conta 413 é menor que o saldo inicial.]

Axuste negativo (-): [saldo final da conta 413 é maior que o saldo inicial.]

Examinados os axustes para practicar no saldo resultante dos ingresos e gastos non financeiros da Liquidación do exercicio 2017 para determinar a capacidade ou necesidade de financiamento calculado conforme ás normas do Sistema Europeo de Contas (nos termos sinalados pola Orde HAP/2105/2012 xa citada), a Liquidación do exercicio 2017 do Concello de Cambados depara o seguinte resultado en termos de estabilidade orzamentaria:

Dereitos cap. 1-7	9.664.373,96 €
Gastos cap. 1-7	8.989.880,40 €
Resultado previo á axustes	674.493,56 €
Axustes maior déficit	- 468.380,81 €
Axustes menor déficit	1.554,62 €
<b>Capacidade de financiamento</b>	<b>207.667,37 €</b>

O resultado é de capacidade de financiamento, polo que a Liquidación do exercicio 2017 cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria (equilibrio ou superávit).

Adicionalmente, debe analizarse o cumprimento do Plan Económico Financeiro 2016/2017 aprobado polo Pleno municipal o 31 de maio de 2016.

En sesión extraordinaria celebrada o día 31 de maio de 2016, o Pleno municipal acordou aprobar o Plan Económico-Financeiro do Concello de Cambados para o período 2016/2017, por incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto na Liquidación de 2015.

O Plan Económico-Financeiro do Concello de Cambados para o período 2016/2017, fixa unha estimación de capacidade de financiamento para o exercicio 2017 de 269.635,66 €. Polo que a capacidade de financiamento resultante da Liquidación 2017 -207.667,37 €- é inferior á estimación do PEF.

Capacidade de financiamento Liquidación 2017:	207.667,37 €
Capacidade de financiamento PEF para 2017:	269.635,66 €
Diferenza	- 61.698,29 €

En todo caso, **o resultado do análise do obxectivo de estabilidade orzamentaria da Liquidación 2017 é de cumprimento, resultando un superávit de 207.667,37 €.**

Non procede a aplicación do artigo 25 da LOEOSF -onde se recollen as medidas coercitivas por incumprimento dos plans económicos financeiros- xa que a liquidación arroxa un resultado de superávit, polo que non son necesarias medidas para acadar un obxectivo de estabilidade que xa se cumpre.

#### **QUINTO. Análise do cumprimento do obxectivo da regra de gasto segundo o disposto na LOEOSF.**

O artigo 12 da LOEOSF esixe tamén ás Entidades Locais que a variación de gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ao Ministerio a súa determinación.

*“Artigo 12. Regra de gasto.*

*1. A variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española.*

*Con todo, cando exista un desequilibrio estrutural nas contas públicas ou unha débeda pública superior ao obxectivo establecido, o crecemento do gasto público computable axustarase á senda establecida nos respectivos plans económico-financeiros e de*



reequilibrio previstos nos artigos 21 e 22 desta lei.

2. Entenderase por gasto computable para os efectos previstos no apartado anterior, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiamento.

3. Corresponde ao Ministerio de Economía e Competitividade calcular a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española, de acordo coa metodoloxía utilizada pola Comisión Europea en aplicación da súa normativa. Esta taxa publicarase no informe de situación da economía española ao que se refire o artigo 15.5 desta Lei. Será a referencia para ter en conta pola Administración Central e cada unha das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais na elaboración dos seus respectivos Orzamentos.

4. Cando se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos en que se obteñan os aumentos de recadación poderá aumentar na contía equivalente.

Cando se aproben cambios normativos que supoñan diminucións da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos en que se produzan as diminucións de recadación deberá diminuírse na contía equivalente.

5. Os ingresos que se obteñan por encima do previsto destinaranse integramente a reducir o nivel de débeda pública.”

O Goberno aprobou os obxectivos de estabilidade e débeda pública para o período 2017-2019, fixando en relación á regra de gasto que a variación do gasto computable das Corporacións Locais non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española que se fixa no 2,1 % para o 2017.

#### ➤ **(+) Cálculo do gasto computable:**

Establécese no apartado 2 do artigo 12 como se determina o volume de gasto computable.

“2. Entenderase por gasto computable aos efectos previstos no apartado anterior, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiamento”.

Considéranse “empregos non financeiros” para efectuar o cálculo do “gasto computable”, aos gastos dos capítulos I a VII da liquidación do orzamento.

Descontando os gastos relacionados cos intereses da débeda (Capítulo III. Gastos Financeiros, salvo os gastos de emisión, formalización, modificación e cancelación de préstamos, débedas e outras operacións financeiras, así como os gastos por execución de avais), obteremos os “empregos non financeiros (excepto intereses da débeda)”.

Sobre este resultado e atendendo á metodoloxía de cálculo da normativa vixente, é necesaria a realización dos seguintes **axustes**:

#### ➤ **(±) Axustes necesarios para adecuar os gastos orzamentarios da entidade**

### Local ao concepto de empregos non financeiros segundo os criterios do Sistema Europeo de Contas (SEC-10):

Axuste polos gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ao orzamento de gastos da Corporación Local:

Exercicio	Conta 413		Axustes		
	Saldo inicial	Saldo final	Positivo	Negativo	Total
2017	83.011,31 €	517.270,97 €	434.259,66 €	0,00 €	<b>434.259,66 €</b>

Axuste positivo (+): [saldo final da conta 413 é maior que o saldo inicial.] Supón un maior gasto computable.

Axuste negativo (-): [saldo final da conta 413 é menor que o saldo inicial.] Supón un menor gasto computable.

➤ **(-) Axuste pola parte de gasto non financeiro do Orzamento financiado con fondos finalistas:**

Son gastos que teñen a súa contrapartida en ingresos afectados, non se limita o seu crecemento ao non supoñer un crecemento do gasto en termos estruturais.

Comunidade Autónoma	680.723,28 €
Deputación	865.093,76 €
Outras Administracións Públicas	92.725,44 €
<b>TOTAL</b>	<b>1.638.542,48 €</b>

➤ **Resultado da comprobación de cumprimento da regra de gasto:**

CÁLCULO DE LA REGLA DE GASTO (art. 12 Ley Orgánica 2/2012)	Liquidación 2016	Liquidación 2017
= <b>A) EMPLEOS NO FINANCIEROS (SUMA DE CAPÍTULOS 1 A 7)</b>	8.265.746,63	8.989.880,40
(-) Intereses de la deuda	8.068,93	6.939,23
= <b>B) EMPLEOS NO FINANCIEROS (excepto intereses de la deuda)</b>	<b>8.257.677,70</b>	<b>8.982.941,17</b>
(-) Enajenación		
(+/-) Inversiones realizadas por cuenta de la Corporación Local		
(-) Inversiones realizadas por la Corporación Local por cuenta de otras AAPP		
(+) Ejecución de Avales		
(+) Aportaciones de capital		
(+) Asunción y cancelación de deudas		
(+/-) Gastos realizados en el ejercicio pendientes de aplicar al presupuesto	-290.470,61	434.259,66
(+) Pagos a socios privados en el marco de Asociaciones público privadas		
(+/-) Adquisiciones con pago aplazado		
(+/-) Arrendamiento financiero		
(+) Préstamos fallidos		
(+/-) Grado de ejecución del Gasto		NO APLICA
(-) Ajustes Consolidación presupuestaria		
(-) Gastos financiados con fondos finalistas UE / AAPP	-1.196.714,05	-1.638.542,48
(-) Inversiones Financieramente Sostenibles		
= <b>D) GASTO COMPUTABLE</b>	<b>6.770.493,04</b>	<b>7.778.659,37</b>
Tasa de referencia crecimiento PIB m/p	2,10 %	
(-) Aumentos permanentes de recaudación (art. 12.4)		0,00
(+) Reducciones permanentes de recaudación (art. 12.4)		0,00
= <b>E) GASTO COMPUTABLE AJUSTADO año n = G° computable +/- Aumento/reducción permanente recaudación</b>		<b>7.778.658,35</b>

LÍMITE GASTO COMPUTABLE SOBRE DATOS LIQUIDACIÓN 2016	6.912.673,39
LÍMITE GASTO COMPUTABLE FIXADO NO PEF 2016/2017	8.618.225,66

En base aos cálculos precedentes e aos datos presentados, obsérvase que o gasto computable é de 6.770.493,04 euros no ano 2016 [último exercicio liquidado], e de 7.778.659,37 euros no ano 2017 [exercicio que se liquida].

Por tanto, a variación do gasto computable calculada en base aos datos da Liquidación do exercicio 2016 é maior á taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española, situada no 2,10 % para o exercicio 2017.

Con todo, de acordo co disposto no artigo 12.1 LOEOSF, segundo parágrafo, a senda de crecemento para aquelas entidades que teñan aprobado un Plan Económico Financeiro é a establecida no propio Plan.

Límite do gasto non financeiro previsto no PEF para 2017	8.618.225,66 €
Gasto computable Liquidación 2017	7.778.659,37 €
Diferenza	839.566,29 €

Por tanto, **o resultado do análise da regra de gasto da Liquidación 2017 é de cumprimento**, ao non superarse o límite do gasto computable previsto no PEF para 2017.

#### **SEXTO. Análise do cumprimento do límite de Débeda segundo o disposto na LOEOSF.**

As Entidades Locais terán a obrigaón de non pasar o límite de Débeda Pública fixado no 2,9 % do PIB para o exercicio 2017, de conformidade co recollido na LOEOSF no seu artigo 13.

Para a administración local, non se aprobou o límite en termos de ingresos non financeiros, polo que non resulta posible determinar o límite de débeda como prevé o citado artigo en termos de Produto Interior Bruto Local.

Con todo, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas na Nota Explicativa da Reforma Local actualizada a data 17 de setembro de 2015, indicou que equivalería ao límite de débeda referido a 31 de decembro do exercicio inmediato anterior, de acordo cos criterios establecidos nos Artigos 51 e 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, en canto ás operacións de endebedamento en xeral, para a aplicación do réxime de autorización para formalizar ditas operacións cando o sexan a longo prazo.

O capital vivo pendente de amortizar a 31 de decembro de 2017, polos préstamos concertados e vixentes, segundo se desprende dos Estados financeiros ascende a 1.266.327,52 euros, que supón un **14,29 %** dos dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Capítulos 1 ao 5) da liquidación 2017, que ascenden a 8.858.346,04 euros, non superando o límite do 110% establecido na Disposición Adicional 14ª do Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público. Polo tanto, **cúmprese** o límite da débeda fixado no TRLRFL.

#### **SÉTIMO.- Conclusións.**



Á vista dos cálculos precedentes e con motivo da liquidación do orzamento do exercicio 2017 do Concello de Cambados cabe informar:

- ✓ **A Liquidación do orzamento do exercicio 2017 CUMPRE o obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e arroxa un resultado de capacidade de financiación por un importe de 207.667,37 €.**

Visto este resultado, haberá de terse en conta o disposto no artigo 32 e na Disposición Adicional Sexta da LOEOSF, sobre o destino do superávit orzamentario.

Artigo 32. Destino do superávit orzamentario.

*"1. No caso de que a liquidación orzamentaria sitúese en superávit, este destinarase, no caso do Estado, Comunidades Autónomas, e Corporacións Locais, a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se este fose inferior ao importe do superávit para destinar á redución de débeda.*

*2. No caso da Seguridade Social, o superávit aplicarase prioritariamente ao Fondo de Reserva, coa finalidade de atender ás necesidades futuras do sistema.*

*3. A efectos do previsto neste artigo enténdese por superávit a capacidade de financiamento segundo o sistema europeo de contas e por endebedamento a débeda pública a efectos do procedemento de déficit excesivo tal e como se define na normativa europea."*

Disposición adicional sexta. Regras especiais para o destino do superávit orzamentario.

*"1. Será de aplicación o disposto nos apartados seguintes desta disposición adicional ás Corporacións Locais nas que concorran estas dúas circunstancias:*

*a) Cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas Locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.*

*b) Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesourería positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta Lei.*

*2. No ano 2014, para os efectos da aplicación do artigo 32, relativo ao destino do superávit orzamentario, terase en conta o seguinte:*

*a) As Corporacións Locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesourería para gastos xerais a atender as obrigacións pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas ao 31 de decembro do exercicio anterior na conta de «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento», ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigacións pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior.*

*b) No caso de que, atendidas as obrigacións citadas na letra a) anterior, o importe sinalado na letra a) anterior mantivécese con signo positivo e a Corporación Local optase á aplicación do disposto na letra c) seguinte, deberase destinar, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a Corporación Local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional no devandito exercicio 2014.*

*c) Se cumprido o previsto nas letras a) e b) anteriores a Corporación Local tivese un saldo positivo do importe sinalado na letra a), este poderase destinar a financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento esta sexa financeiramente sustentable. A estes efectos a lei determinará tanto os requisitos*

formais como os parámetros que permitan cualificar un investimento como financeiramente sustentable, para o que se valorará especialmente a súa contribución ao crecemento económico a longo prazo.

Para aplicar o previsto no parágrafo anterior, ademais será necesario que o período medio de pago aos provedores da Corporación Local, de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.

3. Excepcionalmente, as Corporacións Locais que no exercicio 2013 cumpran co previsto no apartado 1 respecto da liquidación do seu orzamento do exercicio 2012, e que ademais no exercicio 2014 cumpran co previsto no apartado 1, poderán aplicar no ano 2014 o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación de 2012, conforme ás regras contidas no apartado 2 anterior, se así o deciden por acordo do seu órgano de goberno.

4. O importe do gasto realizado de acordo co previsto nos apartados dous e tres desta disposición non se considerará como gasto computable a efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12.

5. En relación con exercicios posteriores a 2014, mediante Lei de Orzamentos Xerais do Estado poderase habilitar, atendendo á conxuntura económica, a prórroga do prazo de aplicación previsto neste artigo.”

Prorrógase a súa aplicación para 2018 polo art. 1 do Real Decreto-lei 1/2018, do 23 de marzo.

Artigo 1. Destino do superávit das entidades locais correspondente a 2017.

“En relación co destino do superávit orzamentario das Corporacións Locais correspondente ao ano 2017 prorrógase para 2018 a aplicación das regras contidas na disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, para o que se deberá ter en conta a disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

No caso de que un proxecto de investimento non poida executarse integramente en 2018, a parte restante do gasto autorizado en 2018 poderase comprometer e recoñecer no exercicio 2019, financiándose con cargo ao remanente de tesourería de 2018 que quedará afectado a ese fin por ese importe restante e a Corporación Local non poderá incorrer en déficit ao final do exercicio 2019.”

Haberá de tramitarse o preceptivo expediente para a análise e resolución sobre a aplicación do superávit acadado na Liquidación 2017.

- **A Liquidación do orzamento do exercicio 2017 CUMPRE a regra de gasto, situándose o gasto computable por debaixo da senda de crecemento fixada no Plan Económico Financeiro 2016/2017.**
- ✓ **A Liquidación do orzamento do exercicio 2017 CUMPRE o límite de Débeda, situándose nun 14,29% dos dereitos recoñecidos netos por operacións correntes.**

Emitido o presente informe en cumprimento da obrigaçión imposta a esta Intervención Municipal polo art. 16 RLGEP, informe con carácter independente ao elaborado con

ocasión da aprobación da liquidación do orzamento e no que se detallan os cálculos efectuados e os axustes practicados sobre a base dos datos dos capítulos 1 a 7 dos estados de gastos e ingresos orzamentarios, en termos de Contabilidade Nacional segundo o Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o presente informe ha de elevarse ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento.

**ESTE DOCUMENTO ASÍNASE ELECTRONICAMENTE**